

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16973 *Lei orgánica 8/2010, do 4 de novembro, de reforma da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

I

A experiencia demostrou que nas eleccións ao Senado se produce un alto número de votos nulos e en branco, máis do que sería admisible en circunstancias normais, como demostra que a súa porcentaxe sobre o total de votos emitidos sexa moi superior á que se produce nas eleccións do Congreso dos Deputados.

Nesta situación inflúen diversos elementos, como o desmesurado tamaño das papeletas, consecuencia do elevado número de candidaturas, o que fai difícil ao votante encontrar os candidatos da súa preferencia.

Para a constancia das candidaturas na papeleta de votación resulta máis lóxico utilizar, en lugar do sorteo, o dos resultados nas últimas eleccións.

Deste modo, facilítase a actuación dun número moi elevado de electores. Tamén que a aparición das candidaturas o sexa en columnas ordenadas de esquerda a dereita e de arriba abaixo.

Doutra parte, considérase máis oportuno que os candidatos dunha mesma forza política aparezan na orde que esta determine e non necesariamente por orde alfabética.

A inclusión dunhas instrucións claras e sinxelas sobre a forma de votar e, máis en concreto, sobre o número máximo de votos posible en cada circunscrición axudará a solucionar o problema mencionado.

É tamén conveniente contar con dous suplentes para o caso de que un senador cese no seu escano por calquera razón. En caso contrario existe o risco de que o dito escano permaneza vacante ata as seguintes eleccións. Pero para simplificar o deseño da papeleta evítase que o seu nome teña que aparecer nela, e basta a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

II

Introdúcese, así mesmo, unha modificación da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, para facilitar a elección dos maxistrados do Tribunal Constitucional nos supostos de cobertura de vacantes ou renovación.

Artigo primeiro.

Modifícanse os artigos 171, número 2, e 172, número 3, da Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral, que quedan redactados na forma seguinte:

«Artigo 171.2

Cada candidatura a senador debe incluír dous candidatos suplentes e facer constar a orde en que deberán asumir a suplencia. Os nomes dos candidatos

suplentes figurarán na publicación das candidaturas no “Boletín Oficial del Estado” e en toda a documentación electoral, pero non se incluírán nas papeletas electorais.»

«Artigo 172.3

As papeletas de votación de senadores irán impresas por unha soa cara, salvo que o número de candidatos supere o número fixado pola normativa de desenvolvemento desta lei, caso en que irán impresas polas dúas caras, e conterán:

a) A denominación, ou sigla e símbolo da entidade que presenta o candidato ou candidatos, xa sexa un partido, federación, coalición ou agrupación de electores. Baixo esta denominación figurarán os nomes do candidato ou candidatos respectivos na orde que libremente estableza a entidade que presenta cada unha das candidaturas.

b) As candidaturas ordenaranse de esquerda a dereita, de arriba abaixo e de maior a menor, atendendo ao número de votos obtidos pola totalidade dos candidatos presentados por cada un dos partidos, federacións e coalicións nas últimas eleccións ao Senado na circunscrición correspondente. As candidaturas de agrupacións de electores, así como as dos partidos, federacións ou coalicións que non concorresen nas anteriores eleccións ao Senado aparecerán a continuación na orde que se determine por sorteo en cada circunscrición.

c) No caso de partidos ou federacións que, tendo formado parte dunha coalición con representación no Senado, decidan presentarse por separado nas seguintes eleccións pola mesma circunscrición, a orde de aparición na papeleta, segundo a alínea b), aplicarase a todos os partidos ou federacións que pertenceron á antiga coalición, e determinarase libremente entre eles a súa precedencia e, se non houberse acordo, esta resolverase por sorteo.

Aplicarase a mesma regra aos partidos ou federacións que, tendo concorrido por separado e obtendo representación no Senado nunha circunscrición, opten despois por presentarse formando parte dunha coalición nesa mesma circunscrición.

d) O nome de cada candidato irá precedido dun recadro. O votante marcará cunha cruz o correspondente ao candidato ou candidatos aos cales outorga o seu voto.

e) Unha nota informativa dirixida aos electores en que se indique o número máximo de candidatos aos cales poden votar en cada circunscrición, así como o feito de que calquera alteración na papeleta determinará a nulidade do voto.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.*

Engádese un novo número 5 ao artigo 16 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, co seguinte texto:

«5. As vacantes producidas por causas distintas á da expiración do período para o cal se fixeron os nomeamentos serán cubertas conforme o mesmo procedemento utilizado para a designación do maxistrado que causou vacante e polo tempo que a este lle reste. Se houber atraso na renovación por terzos dos maxistrados, aos novos que sexan designados restaráselles do mandato o tempo de atraso na renovación.»

Disposición derradeira primeira.

O Goberno, no prazo de seis meses, aprobará as disposicións necesarias para a aplicación do disposto no artigo primeiro desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 4 de novembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO